



ACTA DA REUNIÓN DO 19 DE FEBREIRO DE 2015 DA MESA DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN DA VIXILANCIA E O CONTROL INTEGRAL DO RECINTO E DAS INSTALACIÓNS E O MANTEMENTO DOS SISTEMAS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS E DE VIXILANCIA.

PRESIDENTE:

D. Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente da Mesa do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

D. José Manuel Balseiro Orol
Secretario da Mesa do Parlamento de Galicia

D^a. María Aneiros González
Letrada do Parlamento de Galicia

D. José María Ameijenda Cuns
Director da Intervención Xeral e Asuntos Económicos do Parlamento de Galicia

SECRETARIO:

D. Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento, ás 16,45 horas do **19 de febreiro de 2015**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación das ofertas presentadas na contratación, mediante procedemento aberto, dos servizos para a xestión da vixilancia e o control integral do recinto e das instalacións e o mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia.

Orde do día:

Punto único.- Constitución da Mesa de contratación e apertura e exame da documentación incluída nos sobres "A" (Capacidade para contratar e solvencia económica, financeira e técnica e profesional dos licitadores).

De seguido procedese a:

PRIMEIRO.- O Sr. Presidente declara constituída a Mesa.

A continuación, o Secretario achega a certificación do xefe do Servizo de Asistencia Parlamentaria do Parlamento de Galicia na que se fan constar as proposicións presentadas, que son as seguintes:

EMPRESA	Lotes	registro núm.:
Grupo RMD Seguridad, s.l.	1	33617 (33419) fax
Eulen seguridad, S.A.	1 e 2	33373
Sistemas de seguridade A1, s.l.	1	33386
Servicios de seguridade integral e mantementos A-1, s.l.	2	33480
Integraciones técnicas de seguridad, s.a.	2	33378
Segurlem, s.l.	2	33407
Cybsegur, s.a.u.	2	33478 (33418) fax

SEGUNDO.- Faise constar polo Secretario da Mesa que a empresa Servicios de Seguridade Integral e Mantementos A-1, s.l. presentou a súa oferta na oficina de Correos y Telégrafos, S.A. o día 9 de febreiro (último día de prazo de presentación de ofertas), e anunciou mediante telegrama imposto ese mesmo día, a presentación vía postal. O telegrama foi entregado no Parlamento de Galicia o día 10 de febreiro.

A Resolución do 30 de abril de 2014, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, establece que debe admitirse a proposición presentada polo licitador e anunciada mediante telegrama no último día de prazo aínda que o telegrama non sexa entregado da ao órgano de contratación ata o día seguinte, dado que o anuncio cumpriu o fin previsto e o resto dos requisitos que establece o prego de cláusulas administrativas.

Os membros da Mesa de Contratación, de acordo co citado informe, acordan admitir á licitación a oferta presentada pola empresa Servicios de Seguridade Integral e Mantementos A-1, s.l.

TERCEIRO.- Seguidamente a Mesa de contratación procede ao estudo da documentación contida nos sobres A presentados polas empresas concorrentes.

Examinada toda a documentación incluída nos sobres A das proposicións presentadas, a Mesa de Contratación comproba que todas as empresas concorrentes presentan a documentación administrativa requirida segundo o establecido na cláusula sétima dos pregos, polo tanto acorda admitilas para continuar no procedemento de contratación.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 17,10 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data indicados.




Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



José Manuel Balseiro Orol
Vogal

José María Ameijenda Cuns
Vogal



María Aneiros Gonzalez
Vogal



Santiago González Serrano
Secretario